

← Forza para Avanzar

← Ensino Galego

Con Dereitos →


Pola Igualdade →



8º Congreso

Santiago de Compostela
13 de novembro

imos



Forza para
Avanzar



Ensino
Galego

**ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE ENSINO
DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-ENSINO) 5**

Capítulo I. Definición, ámbito e obxectivos	5
Capítulo II. A Afiliación	5
Capítulo III. Ámbito de Organización	6
Capítulo IV. Órganos de Goberno	6
Capítulo V. Normas Xerais de Funcionamento	11
Capítulo VI. Do Réxime Económico	12

RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL 8º CONGRESO CIG-ENSINO 13

1. O contexto político, educativo e normativo actual	13
2.- A defensa dun modelo educativo en clave nacional	17
3. Bases para unha Lei galega de Educación	18
4. A acción sindical	21
5. O reforzo do modelo sindical da CIG-Ensino	27

RESOLUCIÓNS 31

Con Dereitos



Pola

ESTATUTOS DA FEDERACIÓN DE ENSINO DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-ENSINO)

ACTUALIZADOS NO VII CONGRESO (17 DE XUÑO DE 2017)

CAPÍTULO I DEFINICIÓN, ÁMBITO E OBXECTIVOS

Art. 1

A Confederación Intersindical Galega do Ensino, en siglas CIG-Ensino, é a Federación do Ensino da CIG, e como tal o seu funcionamento dentro da Confederación réxese polos estatutos desta no que se refire a dereitos, deberes, altas e baixas, réxime de garantías, sancións e incompatibilidades da afiliación, salvo nos casos que se regulan nos presentes estatutos.

Art. 2

Son afiliadas á CIG-Ensino todas aquelas traballadoras e traballadores afiliados á CIG que prestan, prestaran ou orienten a súa profesión a desempeñar os seus servizos nunha empresa, pública ou privada, dedicada á actividade educativa.

Art. 3

A CIG-Ensino ten por ámbito territorial o de Galiza. Os traballadores e traballadoras que transitoriamente desempeñen o seu traballo fóra de Galiza poderán estar vinculados á CIG-Ensino sen menoscabo da súa afiliación a sindicatos no seu lugar de residencia temporal.

Art. 4

A CIG-Ensino exprésase en idioma galego e defende este como o único oficial de Galiza

Art. 5

A CIG-Ensino establece a súa sede social en Santiago, rúa Miguel Ferro Caaveiro 10, 1º. O Consello

Federal poderá decidir a mudanza de domicilio social.

Art. 6

A CIG-Ensino basea a súa actuación nos principios e obxectivos fixados no seu Programa, nos Acordos adoptados nos seus Congresos e nas Resolucións dos órganos de Goberno regulados nos presentes Estatutos.

Art. 7

A CIG-Ensino, ademais da defensa dos dereitos laborais e profesionais dos traballadores e traballadoras de todos os sectores, ten por obxectivo, entre outros, mellorar as condicións de traballo dos traballadores e traballadoras do ensino, a calidade en xeral do sistema educativo e contribuír especialmente na Formación do Profesorado

CAPÍTULO II A AFILIACIÓN

Art. 8

Poderán afiliarse á CIG-Ensino todas as persoas dos ámbitos definidos no capítulo I destes Estatutos.

Art. 9

A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito de aceptación dos presentes Estatutos e dos da Confederación, sen que poda ser limitada por razóns de idade, sexo, nacionalidade, ideoloxía, relixión ou filiación política.

Art. 10

Son dereitos da afiliación:

- a) Elixir e ser elixidas ou elixidos para calquera cargo de CIG-Ensino ou da Confederación.
- b) Participar no deseño da política sindical da CIG-Ensino a través dos debates nos organismos correspondentes, con total liberdade de opinión e respecto ás súas ideas.
- c) Utilizar todos os recursos sindicais de que dispoñan a CIG-Ensino e a Confederación, recibindo o asesoramento que precise de tipo sindical, técnico ou xurídico, nos termos que regulamentariamente se establezan.

- d) Ter acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións da CIG-Ensino e da Confederación, así como recibir información sobre a problemática do ensino en xeral e do seu sector en particular.
- e) Recibir axuda e asesoramento en caso de represión pola súa pertenza á CIG-Ensino ou polo exercicio de súa actividade sindical.

Art. 11

Son deberes da afiliación:

- a) Abonar a cota establecida pola Confederación.
- b) Respetar os Estatutos, Regulamento e Programas de CIG-Ensino e da Confederación.
- c) Respetar os acordos validamente adoptados polos organismos da CIG-Ensino e da Confederación.
- d) Participar na medida das súas posibilidades, nas actividades de CIG-Ensino.

CAPÍTULO III ÁMBITO DE ORGANIZACIÓN

Art. 12

Territorialmente a CIG-Ensino organízase en estruturas comarcais e locais seguindo criterios de afinidade xeográfica e de operatividade sindical.

Art. 13

A Unión Comarcal está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino nunha comarca. A estes efectos considéranse comarcas as seguintes: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

Art. 14

A Unión Local está formada polo conxunto da afiliación da CIG-Ensino na localidade.

1. Na actualidade as Unións Locais constituídas son as seguintes: A Mariña, Morrazo, Salnés e Verín.
2. A CIG-Ensino poderase constituír en novas localidades sempre que estas o consideren

conveniente, reúnan unha afiliación superior a 100, e así o aprobe o Consello Federal, previo acordo nos Órganos de Dirección da Comarca respectiva.

3. Así mesmo e por decisión do Consello Federal poderán constituírse as novas localidades que por criterio sindical se precise aínda que non reúnan as condicións anteditas.

Art. 15

1. No ámbito funcional, a estrutura organizativa básica da CIG-Ensino son as seccións sindicais. As seccións sindicais están integradas polo conxunto dos afiliados e afiliadas do Centro de ensino no ámbito do ensino público, ou da empresa no ámbito do ensino privado.
2. Son competencias da sección sindical as seguintes:
 - a) Nomear a persoa responsábel ou delegada de centro
 - b) Dar respostas aos problemas suscitados no Centro.
 - c) Potenciar a xestión democrática dos centros.
 - d) Trasladar ao Centro as propostas e iniciativas da CIG.
 - e) Manter informados aos organismos comarcais ou locais correspondentes da problemática do Centro.
 - f) Aprobar, cando o seu ámbito o permita, as candidaturas para as eleccións sindicais.

CAPÍTULO IV ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 16

1. Son Órganos Nacionais de goberno da CIG-Ensino:
 - a) O Congreso
 - b) O Consello Federal

- c) O Secretariado Federal
 - d) A Executiva Federal
2. Son Órganos Territoriais de goberno da CIG-Ensino:
- a) Asemblea comarcal
 - b) A Executiva comarcal
 - c) A Asemblea Local
 - d) A Executiva Local

ÁMBITO NACIONAL

Art. 17

O Congreso é o órgano soberano da CIG-Ensino e os seus acordos, validamente adoptados, son de obrigado cumprimento para o conxunto da afiliación e estruturas da CIG-Ensino. Estará composto por un número total de delegados e delegadas a determinar polo Consello Federal na convocatoria, cos seguintes criterios:

1. Son membros natos os compoñentes do Consello Federal.
2. O resto da representación será elixida por comarca seguindo criterios de proporcionalidade en función da afiliación respectiva

Art. 18

1. O Congreso Ordinario da CIG-Ensino será convocado polo Consello Federal unha vez cada catro anos. A convocatoria farase con catro meses de antelación como mínimo.
2. O Consello Federal aprobará un Regulamento precongresual, elaborará unha proposta de regulamento para as sesións do Congreso e designará as Comisións encargadas da redacción de ponencias.

Art. 19

Son competencias do Congreso Ordinario:

- a) Aprobar ou reformar os Estatutos e Programa da CIG-Ensino.

- b) Definir as orientacións básicas e política sindical.
- c) Elixir as doce persoas que conforman a Executiva Federal e, entre elas, a persoa proposta para a Secretaría Nacional.
- d) Analizar a xestión dos órganos de goberno nacionais.
- e) Aprobar a xestión económica e liquidación de contas.
- f) Coñecer e decidir todas aquelas cuestións que os Estatutos expresamente lle atribúan e aquelas outras que se lle sometan respectando os Estatutos.

Art. 20

O Congreso Extraordinario será convocado a petición de 1/3 da afiliación ou de 2/3 dos membros do Consello Federal da CIG-Ensino. O prazo entre a solicitude e a celebración do Congreso Extraordinario non poderá exceder de catro meses. A convocatoria realizarase por escrito cunha antelación mínima de dous meses. O Congreso Extraordinario só poderá tratar e pronunciarse sobre os asuntos obxecto da convocatoria.

Art. 21

O período congresual e as sesións do Congreso axustaranse ao regulamento aprobado polo Consello Federal que deberá ser ratificado polo propio Congreso como primeiro punto da orde do día. Das sesións do Congreso levantarase Acta e os seus acordos serán públicos para o coñecemento de toda a afiliación.

Art. 22

O Consello Federal é o órgano máximo de dirección da CIG-Ensino entre Congresos. Está formado por:

1. Secretariado Federal
2. O resto, até completar os 50, serán elixidos polas Asembleas Comarcais das distintas comarcas nas que se estrutura a CIG-Ensino nun reparto proporcional á afiliación de cada comarca.

Art. 23

O Consello Federal reunirase ordinariamente unha vez ao inicio de cada trimestre durante o curso escolar. Extraordinariamente cando o solicite 1/3 do seus membros ou por decisión da Executiva Federal. O Consello Federal será convocado con 15 días de antelación.

Art. 24

Son competencias do Consello Federal:

- a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
- b) Convocar o Congreso e aprobar o regulamento precongressual, elaborar o Regulamento das sesións congressuais e cantas propostas, informes ou ponencias estime oportuno someter á aprobación do Congreso.
- c) Definir as liñas xerais de acción sindical do conxunto da Federación.
- d) Aprobar a Carta Financeira que establece as normas de administración e contabilidade para o conxunto da federación e aprobar o presuposto ordinario ou extraordinario facendo un seguimento da súa execución.
- e) Analizar a xestión da Executiva e do Secretariado Federal.
- f) En caso de resultar vacante, decidir, por maioría de 2/3 o xeito de substitución do Secretario Nacional até a realización do seguinte congreso.
- g) Analizar a adecuación da acción sindical ao programa aprobado no Congreso.
- h) Decidir sobre a firma de convenios ou acordos da Federación con outras organizacións ou administracións.
- i) Designar as persoas que representen á Federación nos órganos nacionais da Confederación.
- j) Designar as persoas que representen á CIG-Ensinno nos organismos institucionais de ámbito galego, estatal e internacional.

k) Aprobar a constitución de novas Unións Locais.

l) Calquera outra competencia expresamente atribuída ao Consello Federal nos presentes Estatutos.

m) Definir e ratificar a distribución de responsabilidades na Executiva Federal.

n) Ratificar os criterios e a distribución do persoal liberado.

Art. 25

O Secretariado Federal é un organismo de coordinación entre os distintos ámbitos de funcionamento da federación co fin de dotar a esta no seu conxunto dunha maior operatividade sindical. Reunirase ordinariamente unha vez cada dous meses, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1/3 dos seus membros. Está composto por:

1. Executiva Federal
2. Secretarios ou Secretarías Comarcais e Locais
3. Un representante dos diferentes sectores nos que se pode clasificar a federación, cando as comisións respectivas os nomeen, segundo o establecido no art. 32.2

Art. 26

Son competencias do Secretariado Federal

- a) Aprobar e organizar as actividades e iniciativas sindicais de carácter global.
- b) Coñecer a marcha dos procesos de negociación e dos conflitos de maior transcendencia e coordinar a actividade sindical da Federación e das Unións Comarcais
- c) Designar os representantes da CIG-Ensinno na Comisión da Área Pública da CIG e ratificar o regulamento desta.
- d) Xestionar os recursos humanos e materiais da Federación, aprobando os criterios e distribución das liberacións.

Art. 27

A Executiva Federal é o órgano colexiado de xestión ordinaria e goberno da CIG-EnsinO entre xuntanzas do Consello Federal. Estará constituída por doce persoas elixidas en Congreso entre as que se encontra o Secretario ou Secretaria Nacional da Federación

Art. 28

A Executiva Federal reunirse ordinariamente unha vez ao mes, por convocatoria do Secretario ou Secretaria Nacional, ou cando o solicite 1/3 dos seus membros.

Art. 29

Os membros da executiva asumirán as funcións e responsabilidades que garantan o funcionamento da Federación e sexan definidas e ratificadas polo Consello Federal.

Art. 30

1. A Executiva Federal exercerá mancomunadamente a representación xurídica, económica e legal da CIG-EnsinO, podendo delegar conxuntamente na Secretaria ou Secretaria Nacional estas facultades aos únicos efectos de outorgamento de poderes.
2. Son ademais competencias da Executiva Federal:
 - a) Aprobar o seu regulamento de funcionamento.
 - b) Representar á Federación a todos os efectos entre xuntanzas do Consello Federal.
 - c) Relacións Internacionais
 - d) Coordinación das publicacións e a propaganda de ámbito nacional e as relacións cos medios de comunicación.
 - e) Coordinación dos servizos xurídicos
 - f) Impulsar a organización da Federación a todos os niveis.
 - g) Dirixir os procesos de negociación nos distintos ámbitos e os conflitos de maior transcendencia.
 - h) Presentar informe da súa xestión ao Congreso.

- i) Decidir a creación de comisións para o estudo de temas específicos.
- j) Decidir sobre cuestións urxentes entre reunións do Consello Federal.
- k) Executar e facer o seguimento da acción sindical.
- l) Xestionar as finanzas da Federación.
- m) Calquera outra que lle sexa expresamente delegada polo Consello Federal.

Art. 31

1. O Secretario ou Secretaria Nacional exerce a máxima representación pública da CIG-EnsinO e asina conxuntamente coa Secretaria ou Secretario de Finanzas da Federación as contas nacionais. Asume a representación institucional nos ámbitos de actuación da Federación, e preside os órganos nacionais da Federación.

Art. 32

1. En cada un dos tres ámbitos sindicais nos que se pode clasificar a federación: ensino público non universitario, ensino universitario e ensino privado, poderanse crear comisións de sector, ben por iniciativa de 1/3 dos afiliados/as dese ámbito, 1/3 dos delegados/as ou por acordo do Consello Federal.
2. As comisións de sector estarán, no posíbel, integradas por un membro de cada comarca e localidade, pertencente a ese ámbito, até un máximo de doce persoas. A comisión nomeará un coordinador que formará parte do Secretariado Federal.
3. É función das comisións de sector, analizar a problemática sindical propia e propoñer alternativas aos órganos de dirección do sindicato.

ÁMBITO COMARCAL

Art. 33

A Asemblea Comarcal é o órgano máximo da CIG-EnsinO en cada Unión Comarcal. Está constituída por toda a afiliación da Federación na Comarca.

Art. 34

Será convocada pola Executiva Comarcal cando o estime oportuno ou cando o solicite 1/3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 35

Son funcións da Asemblea Comarcal:

- a) Elixir o Secretario ou Secretaria Comarcal, os restantes membros da Executiva Comarcal e os correspondentes membros do Consello Federal.
- b) Analizar a xestión da Executiva Comarcal.
- c) Elixir as persoas representantes de CIG-Ensino na Dirección Comarcal da Confederación.
- d) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ao conxunto da Federación no seu ámbito.
- e) Elixir os delegados/as para o Congreso da CIG-Ensino.

Art. 36

A Executiva Comarcal é o órgano de dirección de comarca entre asembleas. Está composto por un mínimo de 7 membros e un máximo de 11, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estarán o Secretario ou Secretaria Comarcal e os Secretarios ou Secretarías Locais, se os houber.

Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola Asemblea.

Art. 37

A Executiva Comarcal reunirse normalmente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Comarcal. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Comarcal ou a petición de 1/3 dos membros que o forman.

Art. 38

Son competencias da Executiva Comarcal:

- a) Convocar asembleas comarcais.

- b) Administrar e dirixir a Federación na comarca cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal e os acordos dos órganos nacionais.
- c) Propoñer ao Consello Federal a constitución de Unións Locais.
- d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas comarcais.
- e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea Comarcal.

ÁMBITO LOCAL

Art. 39

A Asemblea Local é o órgano máximo da CIG-Ensino en cada Unión Local. Está constituída por toda a afiliación da Federación na localidade.

Art. 40

Será convocada pola Executiva Local ou por convocatoria do Secretario ou Secretaria Local cando o estime oportuno ou extraordinariamente cando o solicite 1/3 da afiliación. Deberá ser convocada con unha semana de antelación como mínimo.

Art. 41

Son funcións da Asemblea local:

- a) Elixir a Secretaria ou Secretario Local e os demais membros da Executiva Local
- b) Analizar a xestión da Executiva Local.
- c) Debater e resolver aquelas cuestións que afecten ó conxunto da Federación no seu ámbito.

Art. 42

1. A Executiva Local é o órgano de dirección da localidade entre asembleas. Está composto por un mínimo de 4 membros e un máximo de 7, segundo acordo do Consello Federal. Entre os membros da Executiva estará o Secretario ou Secretaria Local.

2. Será membro do organismo, con voz e sen voto, o persoal liberado que non resultara elixido pola asemblea.

Art. 43

A Executiva Local reunirse ordinariamente cada trimestre e preceptivamente antes de cada Asemblea Local. Será convocado polo Secretario ou Secretaria Local, ou a petición de 1/3 dos membros que o forman.

Art. 44

Son competencias da Executiva local:

- a) Convocar a asemblea local.
- b) Administrar e dirixir a Federación na localidade, cumprindo as resolucións da Asemblea Comarcal, local e os acordos dos órganos nacionais.
- c) Impulsar o funcionamento da Federación no seu ámbito e coordinar as súas actividades.
- d) Elaborar os orzamentos e partes de finanzas locais.
- e) Presentar informe da súa xestión á Asemblea local.

CAPITULO V NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

Art. 45

1. Todos os cargos da CIG-Ensino proveranse mediante votación secreta e persoal. En casos determinados poderá admitirse a votación a manalzada cando así o estime unha maioría de 2/3 dos membros asistentes do órgano elector, se ben ese acordo será ineficaz cando calquera dos membros reclame o exercicio do dereito á votación secreta.
2. Todos os cargos da CIG-Ensino serán revogábeis polo órgano que os elixiu segundo a súa propia periodicidade e funcionamento.
3. A Executiva Federal elixida no Congreso, aprobará un Regulamento que permita iniciar o proceso de renovación de cargos e organismos nun período non superior a tres meses. Transitoriamente os organismos estarán integrados polos membros actuais, sendo estes substituídos de forma

progresiva a medida que se vaia completando o proceso de renovación.

Art. 46

1. Na CIG-Ensino a elección de órganos e cargos farase mediante a presentación de candidaturas en listas pechadas, que deberán conter ao menos o número de persoas de que se compón o organismo a elixir, incrementado nun terzo para casos de suplencia, e que deberán ser presentadas cun prazo mínimo de corenta e oito horas antes do inicio das sesións de elección. É responsabilidade do máximo órgano ou cargo executivo existente, no ámbito en que se produce a elección, presentación dunha candidatura.
2. Poderán presentarse outras candidaturas, co mesmo requisito de composición, cando vaian avaladas cando menos por un número de membros do órgano elector igual ao 150% do número de postos que cubrir. No caso das candidaturas á Executiva Federal a primeira persoa da lista será a candidata á Secretaría Nacional.
3. A composición dos órganos da CIG-Ensino, determinarase proclamando os membros da única lista presentada, ou ben, no caso de existir varias, adscribindo ao órgano os membros de cada lista, seguindo un sistema de distribución proporcional directo ao número de votos obtidos.

Art. 47

Os acordos de calquera órgano da CIG-Ensino, validamente constituído, adoptaranse por maioría simple dos asistentes, salvo disposición estatutaria que especifique outra maioría cualificada.

Art. 48

1. As xuntanzas de calquera órgano da CIG-Ensino consideraranse validamente constituídas cando asistan en primeira convocatoria a metade mais un dos seus membros, ou en segunda convocatoria un terzo dos mesmos, sempre que fose convocada na debida forma e cunha antelación mínima de 48 horas. Entre a primeira e segunda convocatoria mediará un prazo non menor de media hora.
2. As Asembleas consideraranse constituídas en segunda convocatoria coas persoas asistentes, sempre que fosen convocadas coa antelación fixada nos presentes Estatutos.

CAPÍTULO VI DO RÉXIME ECONÓMICO

Art. 49

Os recursos económicos da CIG-Ensino están constituídos por :

- a) As cotizacións da afiliación.
- b) As doazóns e legados en favor da Federación.
- c) As subvencións que lle sexan concedidas á Federación ou as asociacións que dela dependan.
- d) Os derivados da aplicación do Regulamento Financeiro da Confederación.
- e) Calquera outro obtido por actividades lícitas de acordo cos presentes Estatutos.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira

O Consello Federal poderá aprobar a edición dun voceiro oficial así como as características do mesmo. Así mesmo poderá aprobar a edición de calquera tipo de publicación, en calquera tipo de soporte, separada ou conxuntamente coa Confederación.

Segunda

A aprobación e modificacións dos presentes Estatutos é competencia exclusiva do Congreso da CIG-Ensino e requirirá unha maioría absoluta en votación global.

Terceira

Os aspectos non contemplados nos presentes Estatutos regúlanse polo disposto nos Estatutos da Confederación.

Cuarta

A CIG-Ensino poderase desconfederar da CIG, disolverse, fusionarse ou integrarse noutra organización sindical por acordo adoptado en Congreso Extraordinario da Federación, convocado ao efecto, por maioría de dous terzos dos presentes.

Quinta

En caso de disolución, os bens económicos, mobles e inmobles serán doados á CIG, e caso de non existir esta, ao que o Congreso acorde.

Faise constar que os presentes estatutos están redactados coa inclusión das modificacións aprobadas no VII Congreso da CIG-Ensino que tivo lugar en Santiago de Compostela o 17 de xuño de 2017.

RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL 8º CONGRESO CIG-ENSINO RELATORIO DE ACCIÓN SINDICAL

1. O contexto político, educativo e normativo actual

1.1 Un sistema educativo baixo control

Un dos elementos que caracterizan os sistemas educativos desenvolvidos no mundo capitalista é o de seren un obxecto cobizado polo poder e os grandes intereses transnacionais que por detrás movern os fíos para apuntalar un control férreo do que se pretende que sexa un proceso educativo tutelado, con control dos seus fins, dos seus medios, dos instrumentos que precisa e das estruturas das que se dota. Fronte a un modelo de sistema educativo que descansa en criterios como a equidade social, a liberdade ou a democracia, o capitalismo sempre buscou que a transmisión de contidos, e sobre todo de valores, non escape ao deseño dunha sociedade caracterizada pola concentración do poder e a riqueza en menos mans e pola liquidación de dereitos sociais ou laborais que, na actual fase neoliberal, se tornou máis clara e descarnada que nunca.

No mundo actual, no seo dunha profunda globalización e de políticas xerais e educativas que parten de principios neoliberais, os procesos de privatización do ensino público son un dos principais sinais de identidade de control do sistema educativo. Ao igual que acontece coas políticas dirixidas a vixiar as pensións públicas ou a sanidade e a protección social, as grandes corporacións vinculadas ao mundo da educación ou inseridas en grupos de maiores dimensións, van da man de institucións sen vixilancia democrática que marcan e desean o que os gobernos aproban como marcos lexislativos e estruturais dos seus sistemas educativos.

Os servizos públicos son o obxectivo do capital para aumentar a caixa de beneficios e para manter ou ampliar unha fenda social e cultural que fortalece a pervivencia dun modelo político e económico depredador.

No ámbito educativo destaca o papel que se lle ten adxudicado á OCDE, institución claramente economicista á que se lle deu a capacidade para deseñar as directrices que deben seguir os sistemas educativos no camiño da plena aplicación do neoliberalismo. E para iso empregan sobre todo sistemas de avaliación estandarizada entre o que destaca PISA, sistemas que actúan como teóricos homoxeneizadores mais sen ter en conta as características socioeconómicas e culturais que son condicionantes fundamentais do proceso educativo.

Neste sentido, as políticas privatizadoras e de control político actúan por varias vías. Desde fóra dos centros educativos reducen o papel do ensino público co desvío de fondos para o ensino privado, mediante subvencións e concertos educativos. A blindaxe desde os anos oitenta da denominada «dobre rede» ou o sistema español baseado na concertación con fondos públicos de centros privados, reforzada permanentemente nas décadas seguintes polos diferentes gobernos españois, consolidou España no podio europeo de privatización da educación obrigatoria, só por detrás do Reino Unido.

Ao tempo que se limita a expansión da rede pública, búscase tamén o control competencial e curricular. Os efectos da LOMCE foron neste sentido un claro indicativo de como, sen desmontar a estrutura creada por leis educativas anteriores, se pode incrementar a presión do poder político nun Estado, o español, con conflitos territoriais e fortes identidades nacionais que o españolismo busca someter e domar, recentralizando competencias e lexislando desde postulados unionistas e irrespectuosos coa pluralidade nacional, lingüística e cultural, co obxectivo de facer inviábel o desenvolvemento da capacidade de autogoberno, tamén no plano educativo, de países como Galiza. O feito de que o goberno galego en mans do Partido Popular sexa cómplice desa estratexia e non busque reforzar os medios de que dispón para defender un mínimo marco de referencia para un modelo

educativo de seu para o país é outro dos grandes problemas que afrontamos.

A estratexia de privatización non fica de portas afora e introdúcese nos centros educativos públicos, con modelos de xestión de empresa privada, co baleirado de contidos e de poder dos órganos colexiados pedagóxicos e de participación social. O fomento da burocracia, a meritocracia e dun sistema de selección de direccións pedagóxicas que eluda a responsabilidade colectiva dos claustros é outro dos elementos empregados. Mais sen dúbida o control curricular e pedagóxico xoga neste proceso un papel central. Así o fai coa implantación de mecanismos de «control suave» como as probas externas -ben sexan as PISA ou as avaliacións de diagnóstico- ou «forte» como as xa anuladas reválidas impostas polo PP, mais tamén cun marco curricular inabarcábel que, na práctica, ten como obxectivo que nos centros educativos non se traballe cun currículo pensado para a formación integral do alumnado. Nunha sociedade que subsiste en función de que se manteña a desigualdade, está claro que, desde a perspectiva do poder, o currículo non pode ser un instrumento para formar persoas que exerzan os seus dereitos crítica, democrática e activamente.

Acompañando eses currículos elefantiásicos vén tamén a xerarquización curricular, apoiada precisamente por toda unha batería de probas externas e de políticas educativas que estigmatizan determinadas materias e áreas de coñecemento, colocan outras como as únicas relevantes, sempre en función dos intereses e necesidades dun sistema produtivo que acaba por inserir no profesorado, no alumando, na sociedade en xeral, unha idea contraria á que defendemos cando apostamos por unha escola democrática e de instrución integral, pensada para atender e formar as persoas, para eliminar as barreiras sociais, culturais ou lingüísticas.

Manter o sistema educativo baixo control implica debilitar as estruturas democráticas e horizontais do profesorado e reducir a participación do alumnado, das familias e a sociedade en xeral. Limitar o papel do profesorado como colectivo, primar a figura do líder pedagóxico,

ben en cargos de xestión ou ben no seu labor individual, restrinxir espazos e tempos para a coordinación, o diálogo, a colaboración e o traballo

conxunto son as armas coas que nos están a controlar. Impedir, pola vía lexislativa ou pola vía dos feitos, que nos centros educativos se poida contar cos recursos necesarios, que non se poida ter vixilancia sobre o material e o deseño curricular, que non se teña liberdade para decidir sobre a educación que queremos é un exemplo máis do control ao que hoxe está sometido o sistema educativo. Un profesorado desprestixiado, convertido nun elo máis dunha cadea de produción, que vai da súa casa á súa aula, que non participa na toma de decisións, que non ten tempo para pensar e repensar a escola que quere vai camiño de ser un individuo alienado, como o sistema quere. Loitar contra iso, da man dos nosos dereitos laborais, é unha tarefa inxente que debe estar presente no quefacer de todo o profesorado que queira ser un servidor público e daquelas organizacións sindicais que, como a CIG-Ensino, queren superar o sistema actual e fortalecer a educación como un dos elementos desa transformación.

1.2. O continuísmo dentro dos límites do marco normativo español

Se por algo se caracteriza o Estado español acondicionado pola Constitución do 78 é por estar construído sobre uns alicerces de centralización e contención, cando non negación, da diversidade cultural, lingüística e nacional das nacións que a día de hoxe formamos parte del. As marxes deses límites só se viron forzadas e ampliadas en función da fortaleza das estruturas políticas e sociais de cada país no marco estatal e do mapa político que se dá en cada lexislatura desde o comezo da transición pactada. Isto foi e segue a ser unha constante ao longo destas décadas, tamén no que ten a ver coas políticas educativas e co marco lexislativo.

O sistema educativo español está deseñado por leis orgánicas que impiden o desenvolvemento dun sistema propio inserido na nosa propia realidade cultural, social e nacional; limita as competencias no restrinxido marco estatutario e blinda unha estrutura montada sobre a privatización, a confesionalidade, a españolización e a centralización curricular e lexislativa. Con maior ou menor énfase, as diferentes leis mantiveron inalterábel este marco. O papel especialmente reaccionario e ultra liberal da LOMCE evidenciou como se podían estirar as costuras da

intervención desta idea dunha España negadora das diferentes realidades mais tamén axudou como coartada a aparentar que o que había con anterioridade ou a nova reforma que se plasmou coa LOMLOE supoñía un cambio de rumbo.

Así foi vendido por quen promoveron a reforma legislativa desde o Goberno e así foi usado polos sectores máis reaccionarios, políticos e empresariais, para facerlle fronte a uns cambios, nalgúns casos positivos, mais que fican lonxe dos cambios que se precisan. Como mellor exemplo desta situación temos a campaña da dereita polo concepto do castelán como lingua vehicular, nun camiño xa encetado en Galiza polos mesmos sectores españoлисты no ano 2009 coa invención da «imposición» do galego. Nun Estado no que temos a obriga de coñecer o castelán mais só o dereito de usarmos e coñecermos o noso propio idioma, o Estado propicia unha clara situación de inferioridade legal do galego.

Pois ben, malia todo o ruído xerado polas modificacións da LOMLOE, non podemos máis que afirmar que non se observan cambios esenciais que permitan ver un fortalecemento do ensino público, unha maior garantía da diversidade lingüística e cultural ou unha firme aposta pola laicidade e a democracia como valores fundamentais da educación. Cometeríamos un erro se non soubésemos ver e recoñecer as melloras relativas que se producen coa derogación da LOMCE e á volta, con matices, á LOE inicial, mais ese erro sería aínda maior se non mantemos a visión crítica sobre a realidade dun marco legal que non é capaz de forzar un avance real nos valores que desde a CIG-Ensino entendemos que deben ser centrais no actual marco político: recoñecemento da capacidade de autogoberno cunha lei estatal de mínimos como referencia, galeguización do ensino, laicidade, coeducación, integración e co ensino público como única rede sostida con fondos públicos, fixando o carácter subsidiario do réxime de concertos como vía transitoria.

A nova modificación legislativa do actual goberno español de coalición non tocou o papel do concertos educativos, mesmo mantendo a súa duración mínima e limitouse a declarar, como xa figuraba na LOE, a non segregación por sexo como condición para optar ao concerto. Un paso

necesario mais insuficiente, cando nin sequera se legisla para evitar concertos en etapas educativas non obrigatorias. A lei non buscou romper coas limitacións fixadas no concordato co Vaticano, un acordo preconstitucional que manterá a ensinanza da relixión confesional nas nosas aulas, se ben agora sen valor académico. O retorno a un papel central dos órganos de goberno (claustros e consellos escolares) dáse na nova lei mais tamén dun xeito insuficiente, xa que se introduce un novo elemento de control por parte da Inspección, ao figurar nas súas funcións por vez primeira a avaliación da función directiva.

Na LOMLOE apúntanse liñas que poden ser compartidas (potenciación do medio rural, reforzo da formación, maior atención ao alumnado con necesidades especiais..) mais só aparecen como meras declaracións de intencións, sen concreción nin soporte orzamentario e sen incorporar unha das medidas que a propia Lei podería fixar e para a que existía unha demanda social importante: establecer unha ratios máximas inferiores ás actuais. No canto de adoptar esta decisión, que suporía un cambio transcendental, a LOMLOE limitábase a indicar a conveniencia de que as ratios se reduzan cando se escolarice alumnado con necesidades de apoio.

Que o resultado de mobilizacións sociais tan importantes como as que vivimos coa imposición da LOMCE teña como resultado unha volta ao cadro de saída, eliminando as reválidas mais mantendo unhas avaliacións de diagnóstico que seguen a xerarquizar e condicionar o currículo ou que manteñen unha ESO en dúas fases, cun último curso dirixido a diferenciar o alumnado ou cunha condicións de cara a impartición de materias vinculadas á suficiencia do número de docentes, fai tamén concluír que os cambios son máis aparentes que reais.

Desde a perspectiva laboral e do recoñecemento do papel central do profesorado, o marco no que nos moveremos nos próximos anos oscila entre as incertezas e os efectos provocados por medidas introducidas na fase de debate parlamentario da nova lei, sen negociación sindical previa, a ausencia de melloras para o profesorado en xeral e o interino en particular e as incógnitas a medio prazo co que poida dar de si un futuro Estatuto Docente.

A decisión de extinguir o corpo de PTFP, coa integración deste no corpo de PES, se ben podería ser un primeiro paso cara a consecución dun corpo único docente historicamente demandado polo sindicalismo nacionalista galego, abre un conflito dentro do colectivo afectado coa relegación dunha parte del en función non do traballo que realizan e da responsabilidade que teñen senón da titulación académica. Ao tempo que se discrimina a unha parte do colectivo envíase unha mensaxe negativa da Formación Profesional ao ditaminar que, facendo o mesmo labor nos centros e contando coa experiencia necesaria, unha titulación de FP non pode ser recoñecida para a integración no corpo de PES. A futura negociación sobre as condicións de integración do extinguido corpo de PTFP, tanto de quen ten titulación universitaria como de que non, xunto cos efectos que vaia provocar a aposta dos diferentes gobernos pola extensión da FP Dual, marcarán sen dúbida o futuro da propia FP e especialmente do seu profesorado.

A decisión de incluír aspectos relacionados coa posíbel remoción do posto de traballo por falta de rendemento é outro exemplo de como se emprega indebidamente unha lei orgánica para incluír temas estritamente laborais carentes de negociación sindical previa e recorrendo ao réxime disciplinario e sancionador como única solución a un problema que debe ser abordado desde moitas vertentes, entre elas especialmente a da saúde laboral.

Resulta paradigmático que se introduzan cambios tan relevantes como os anteriores cando se negan a introducir medidas que a CIG-Ensino formulou e que si suporían melloras para o profesorado. Así, non se reforza o papel das equipas docentes cun novo marco de condicións de traballo que conduzan a un horario lectivo máis reducido, non se menciona a necesidade de regular as enfermidades profesionais ou as condicións de xubilación nin se establece un sistema extraordinario de ingreso na función docente por vía diferenciada para prazas estruturais e de reposición de efectivos para dar saída ás altas taxas de temporalidade e ao abuso desta posto en cuestión pola xustiza europea.

1.3. O contexto galego

Dentro da estratexia reaccionaria ditada pola dereita española contra a LOMLOE, pensada como

elemento de afirmación ideolóxica dos sectores máis conservadores da sociedade para que sirva de sustento e argumentario co que facer fronte aos mínimos cambios da lei e como guía de actuación para as CC.AA. gobernadas polo PP, a Xunta seguiu fielmente os primeiros pasos marcados desde Madrid, cunha declaración de intencións de Feijóo (reducir ao máximo a aplicación da LOMLOE) e cunha primeira medida máis formal que efectiva: adiamento dos prazos de matrícula nos centros adscritos para o seguinte curso escolar. A mensaxe foi clara: discurso único desde Madrid (o castelán corre perigo, o ensino concertado está en risco, hai que desmontar a LOMLOE co boletín oficial de cada comunidade autónoma por medio,...) e seguidismo fiel e adaptado ao novo marco político galego desde San Caetano.

Logo de máis dunha década sen que Galiza reciba ningunha competencia (no ámbito educativo hai que botar a vista atrás ao 2007 coa transferencia dos centros do ISM), cun PP galego entregado primeiro á LOMCE, ao desmantelamento da xa escasa presenza do noso idioma nas aulas ou a permitir os concertos nos centros católicos segregadores, e tras a nova vitoria no 2020 de Feijóo nas urnas, todo leva a pensar que a ausencia dunha auténtica política educativa galega seguirá sendo a marca diferencial dun goberno que prefire xestionar o que se dita desde Madrid antes de tomar a iniciativa e asumir e ampliar as competencias que ten.

O desprezo ao profesorado, evidenciado coa negativa a mellorar as súas condicións laborais, desatendendo as propostas formuladas pola CIG-Ensino nestes últimos anos, foi unha constante e nada indica que poida cambiar, nun escenario no que o golpe dunha nova crise económica e social encabalgada sobre os efectos da anterior crise será empregada polo goberno galego como argumentario para evitar afrontar os cambios necesarios na rede educativa pública e no seu profesorado en particular.

Non debemos descoidar a necesidade de articular unha nova fronte que abrimos xunto con outras organizacións do ámbito educativo para superar a actual política lingüística contra o galego e de desgaleguización do sistema educativo. Os traballos feitos por diferentes organizacións do ámbito escolar que conduciron ao acordo de bases para

a normalización lingüística no ensino deben ser postos en valor e ampliar os seus apoios sociais, no camiño de vencer unha política de abandono á súa sorte da nosa lingua en todos os ámbitos e no sistema educativo en particular. O deterioro causado tras máis dunha década de aplicación do decreto de plurilingüismo non é irreversible mais o mantemento das políticas do PP co nosa lingua torna cada día máis complicada a tarefa de recuperar espazos para o galego e romper unha tendencia de desconexión e afastamento do alumnado co idioma do país, con máis dunha cuarta parte que saen da escolarización obrigatoria afirmando non saber falar galego.

O sucursalismo da dereita galega, dentro dun endurecemento das posicións máis ultra liberais e reaccionarias promovidas na competición das tres dereitas españolas, pode empurrar á Xunta a posicións aínda máis extremas na negación da nosa capacidade como pobo de nos gobernar e dotar de plena capacidade á hora de definir o futuro da nosa educación, tamén como reacción ao novo escenario político a nivel estatal e, sobre todo, galego.

O modelo educativo do PP, baseado na privatización e mercantilización do proceso do ensino ten na entrega aos intereses da banca privada un dos mellores exemplos coa tramitación da lei que vai permitir a creación da primeira universidade privada en Galiza, das mans de quen se quedou co aforro das galegas e galegos no medio do desmantelamento das caixas de aforro apoiado pola propia Xunta do PP. O programa para estender a FP Dual vai tamén no camiño de minorar o peso da rede pública, reducindo profesorado de FP e poñendo directamente nas mans das empresas a formación profesional ao tempo que se seguen a limitar a oferta de ciclos na rede pública e se financian centros privados nunha etapa non obrigatoria.

Dotármonos de capacidade legal para reverter esta deriva privatizadora e desgaleguizadora é unha necesidade para, cun maior poder de decisión política acompañado de resolucións asentadas no diálogo e na negociación, podermos contar cunha ordenación educativa de noso, cos máximos niveis de calidade posíbeis e fundamentada na equidade social e na capacidade para gobernarmos o noso futuro, tamén na educación.

2.- A defensa dun modelo educativo en clave nacional

2.1.- A capacidade para decidir e deseñar a educación que Galiza precisa

Galiza necesita dun modelo educativo que poña en valor a nosa identidade como pobo. Que recupere para a sociedade o coñecemento da historia e da cultura propias e a utilización con orgullo da Lingua. Un modelo baseado no desenvolvemento integral das persoas que sirva de base para a transformación política e social. Un sistema educativo de noso, galeguizador, democrático e sustentado na nosa historia, cultura e forma de vida. Mais iso só pode acadarse coa ruptura do marco lexislativo actual. Durante anos o conxunto das Leis de educación españolas compartiron, en maior ou menor medida, unha idea, a da uniformización do Estado como parte do aparato ideolóxico do sistema da clase dominante, intentando borrar o noso pasado e perpetuando sen matices a condición de nación subordinada aos intereses alleos.

Precisamos, por tanto, unha Galiza soberana e con capacidade real de autogoberno, cun sistema financeiro público e galego, pois só dese xeito Galiza poderá dedicar todos os recursos económicos necesarios para o deseño, ordenación e planificación do seu sistema educativo sen dependencia do estado español. Un modelo que necesariamente estará asentado sobre a base da equidade e da igualdade de oportunidades, un modelo que terá de ser cento por cento público, laico, democrático, inclusivo e coeducativo. En definitiva, un sistema educativo ao servizo da transformación social e do benestar das galegas e dos galegos.

Atopámonos diante dunha sociedade actual individualista, consumista e globalizada; homoxeneizada no pensamento polas mensaxes que envía a clase dominante a través dos medios de comunicación; apática ante o retroceso de dereitos e liberdades, dirixida a mobilizarse unicamente a través das redes sociais propiedade das grandes corporacións; unha sociedade que vive de costas ao medio natural e camiña cara a súa destrución. Neste contexto só cabe pensar nun modelo educativo con capacidade de xerar pensamento crítico e reflexivo. Un modelo revolucionario en clave galega que sexa

quen de reverter esta situación e axudar a construír, desde Galiza, un mundo máis xusto e igualitario.

2.2.- Os marcadores dun modelo educativo de futuro para o país

Os Estados capitalistas son plenamente conscientes da potencia e capacidades que ten o sistema educativo como ferramenta de hexemonía para o sometemento de clase e que aproveitan para transmisión da súa ideoloxía en termos amplos impartindo un sistema de valores e crenzas determinados pola clase dominante. O Estado Español é historicamente un claro exemplo da inclusión da escola dentro dos aparatos ideolóxicos do Estado e do sistema con continuos intentos de transmisión, con maior ou menor forza, do seu pensamento, feito este explícito moi abertamente nos últimos anos dos gobernos conservadores, coa súa idea de «españolizar» ao alumnado das nacións sen estado.

Fronte a isto Galiza conta cunha ferramenta como é o sindicalismo soberanista, elemento chave de cara á construción dunha sociedade mellor, acorde coa realidade nacional do noso país e que no ámbito educativo ten unha clara expresión e incidencia e cuns principios asentados nun discurso e nunha práctica transformadora. Unha perspectiva sindical que tamén debe ter no centro dos seus obxectivos a creación de suxeitos activos ante a aprendizaxe cun modelo de ensinanza que poña no centro a erradicación da homofobia e do racismo formando persoas na coeducación, na corresponsabilidade, no valor da multiculturalidade e na educación afectivo-sexual como alicerces para unha sociedade libre e avanzada.

O ensino público é o único que pode garantir a equidade e a igualdade de oportunidades entre as persoas; non cabe outra que decantarse por un sistema exclusivamente público, integrando todos os centros nunha única rede pública co fin de acadar unha sociedade máis xusta, máis solidaria e igualitaria co fin de rematar coa perversa lóxica clasista de segregar, enfrontar e dividir.

Dentro do proceso da aprendizaxe como desenvolvemento vital, o ensino público debe ir enfocado á construción dun futuro que supere a dialéctica das normas do sistema neoliberal.

Promoverá, por tanto, o pensamento crítico-reflexivo, conxuntamente coa formación ética e social como garantes de éxito na construción doutra sociedade. Proporcionará ao alumnado as ferramentas para que se sinta suxeito activo dentro da aula, deseñando esta como espazo de debate e crecemento.

Isto tamén fai imprescindible que o feito relixioso, como crenza e práctica, desapareza do currículo escolar. A defensa dun ensino laico esixe a devolución das relixións unicamente ao ámbito persoal e ao seu xusto lugar no currículo académico como fenómeno histórico e cultural no ámbito das Ciencias Sociais.

De igual xeito, precisamos un sistema educativo pensado en base nacional, fundamentado na nosa realidade social, cultural, económica e lingüística, capaz de corrixir a españolización levada a cabo historicamente no noso País, fuxindo das receitas elaboradas en Madrid e baseadas nos preceptos do neoliberalismo mais salvaxe, con currículos artellados polo capital, onde prima mais a suposta excelencia e a competitividade que o desenvolvemento en condicións de igualdade e non diferenciación das persoas. Mais para isto é necesario, dende as propias institucións, o deseño dunha política educativa galega, libre de prexuízos que impiden a medra da conciencia nacional como pobo. É preciso pois, un ensino deseñado dende nós e pensado para nós, afastado dos modelos educativos actuais do estado español identificados coa persecución e fobia constantes ao noso idioma e á nosa cultura.

A soberanía tamén é necesaria para construír un sistema educativo que non dea as costas á nosa cultura e á nosa historia, facilitando o coñecemento e divulgación dos feitos históricos, políticos, sociais e culturais determinantes na nosa existencia como pobo durante séculos.

3. Bases para unha Lei galega de Educación

No curso 2014 promovemos unha proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, de medidas para restituír os dereitos laborais, profesionais e retributivos do profesorado e mellorar a calidade do ensino, que tiña entre outros obxectivos a elaboración dunha Lei de Educación de Galiza. No ano 2018, estes dereitos foron novamente

reclamados por máis dun terzo do profesorado do ensino público galego mediante unha campaña levada a cabo polo sindicato e seguirán formando parte da nosa liña de traballo. Neste senso, insistiremos na necesidade de crear unha Lei Galega de Educación que contemple:

O fomento dun sistema educativo galego, de acordo coa nosa realidade social, cultural, económica e lingüística que asegurará o dereito universal de todos os galegos e galegas a unha educación pública de calidade de 0 a 18 anos. Un ensino público, galego, gratuito, laico, coeducativo e democrático, cunha oferta de prazas suficientes en todos os niveis educativos nos centros públicos, que contará coa dotación de recursos materiais e humanos e de profesorado dabondo en todas as especialidades, así como doutros perfís profesionais necesarios para asegurar a máxima calidade educativa posíbel.

Modificación da lexislación básica, coa fin de facilitar un ensino laico, no cal a difusión da fe relixiosa e a materia de relixión non forme parte do currículo escolar. Un ensino coeducativo e non sexista que eduque para a igualdade, a solidariedade e a xustiza social, e que transmita os valores da paz e da defensa do medio ambiente.

Un ensino público de calidade como garante da igualdade de oportunidades que teña en conta aspectos fundamentais como:

- A redución das ratios actuais de alumnado por aula, fixando como ratio máxima no primeiro ciclo de educación infantil 6 alumnos/as na idade de 0 a 1 anos, 10 alumnos/as na idade de 1 ano e de 12 na idade de 2 anos. En primaria e no segundo ciclo de educación infantil o máximo de alumnado por aula será de 15. Na educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial, a ratio máxima establecerase en 20. Todas estas ratios veranse reducidas naqueles grupos que escolaricen alumnado con necesidade específica de apoio educativo e o alumnado repetidor terase en conta para a conformación dos grupos.
- Oferta suficiente de prazas públicas de educación infantil de 0-3 anos para satisfacer a demanda existente.
- Atención á diversidade, apoio e reforzo educativo, garantindo a inclusión de todo o alumnado en todas as etapas, dotando aos centros cos servizos materiais e humanos necesarios e con suficiente profesorado de orientación e apoio.
- Rede de orientación educativa acorde co mapa de centros actual, que teña en conta as particularidades do rural e estableza máximo de alumnado a atender, que supoña incremento de especialistas de orientación, así como máximo de centros a compartir.
- Garantía da escolarización no medio rural. Con esa finalidade, elaborarse un mapa escolar do ámbito rural que garanta a escolarización das crianzas na súa contorna, o mantemento das escolas unitarias e uns cadros de persoal específicos, así como transporte e comedor para o alumnado que o necesite.
- Elaboración dun plan de actuación preferente destinado a combater o fracaso escolar e o abandono na escolarización temperá, reforzando a titoría e a orientación e apostando por un modelo educativo máis social e igualitario.
- Gratuidade dos libros de texto e do material didáctico que se empregue nas aulas para todo o alumnado de educación infantil, primaria e ESO.
- Xestión democrática dos centros, mediante a elección democrática e directa das direccións dos centros, promovendo o traballo en equipo e a decisión colexiada nos órganos de goberno.
- Oferta ampla e variada en todos os centros públicos de actividades extraescolares gratuítas que serán impartidas por persoal específico e cualificado, dependente da propia administración. A administración garantirá o transporte público para a realización destas actividades.
- Elaboración dunha lei do transporte escolar de Galiza para garantir este dereito en todos os niveis educativos, nomeadamente nas zonas rurais que non contan con transporte público regular.

A organización e a regulación dos itinerarios ou itinerarios multicentros non poden condicionar o horario e a xornada dos centros.

- Unha nova planificación da formación profesional, acorde coas necesidades reais do País, con diversificación e garantía dunha oferta suficiente na rede pública, suprimindo os concertos educativos co ensino privado, para satisfacer a demanda existente e atender as necesidades do tecido industrial e dos sectores estratéxicos da nosa economía, contribuíndo así a fomentar e a desenvolver as nosas potencialidades económicas.
- O Goberno galego instará o Goberno central a derrogar a lexislación respecto ao funcionamento dos centros integrados para garantir a xestión e a elección democrática dos cargos directivos.
- Extensión da rede das escolas oficiais de idiomas mediante a creación de novas escolas e ampliación das existentes.
- Revisión técnica, reforma, ampliación ou traslado a unha ubicación axeitada dos actuais conservatorios de música.
- Promoción da integración dos conservatorios de música municipais na Consellaría de Educación.
- Arbitrio dos mecanismos necesarios para que os centros que imparten as ensinanzas artísticas superiores poidan adscribirse á universidade.
- Impulso e promoción da lingua portuguesa a través das seguintes accións:
 - Demandar campañas da Consellaría de Educación para a promoción e extensión da oferta de portugués no ensino secundario co obxectivo de estendela a todos os centros.
 - Ofertar a materia de Obradoiro de Lusofonía para primaria e Lingua Estranxeira: Portugués para a ESO, bacharelato e FP, no marco da LOMLOE.
 - Oferta regular e continuada de vacantes de portugués nos concursos de traslados que dean resposta a necesidade actual e futura.
 - Prazas para portugués suficientes nos programas de linguas estranxeiras da consellaría.

- Fomento da creación de departamentos de portugués en todos aqueles centros onde exista un ou unha docente con carga horaria total ou maioritaria neste idioma.
- Presenza de auxiliares de conversa en todos os centros nos que haxa esta materia.
- Oferta de portugués en todas as EOI das vilas galegas e nas súas principais seccións.
- Aumento da oferta formativa deste idioma para o profesorado en activo.

Defendemos un sistema educativo galego que teña na normalización lingüística un dos seus eixes fundamentais

Os datos demostran que o ensino se converteu nun dos espazos máis desgaleguizadores da nosa sociedade. Desde a CIG-Ensino, xunto con outras organizacións, somos promotores dunha «Proposta de Bases para a normalización do ensino en Galiza», presentada aos partidos políticos en xuño de 2020 coa fin de promover a súa aprobación no Parlamento e a súa aplicación en todo o ensino a nivel galego, tanto no público, como no privado e no concertado. Este documento foi elaborado tendo en conta algúns dos aspectos máis lesivos do actual decreto de plurilingüismo, como a prohibición de impartir en galego as materias científicas, a súa práctica ausencia en etapas como a educación infantil, educación especial e FP, a falta de materiais curriculares (especialmente na FP a distancia) e dixitais (como evidenciou a situación de pandemia) e a situación de total inferioridade no reparto das materias impartidas na nosa lingua no ensino medio con respecto ás que se imparten en linguas castelá e inglesa. No ámbito da normalización as propostas nunha futura Lei pasarían por:

- Derrogación do Decreto de plurilingüismo e elaboración dunha nova norma que contemple o ensino totalmente en galego cos programas de inmersión necesaria para conseguir a plena normalización lingüística.
- Fixación duns currículos escolares inseridos na nosa realidade nacional, con contidos propios, nos que Galiza sexa materia de estudo en toda a súa dimensión histórica, cultural, social e económica, é dicir, que teña como principio o

coñecemento e a valoración de todo o que nos conforma como pobo.

- Estabelecemento dun plan de formación para o conxunto do profesorado, a fin de alcanzar a plena normalización lingüística.
- Acreditación en lingua galega e obriga de realizar, como mínimo, unha das probas en lingua galega nos procesos selectivos de acceso á función pública docente.
- Fomento da publicación de libros de texto e de materiais didácticos en galego para todas as materias e módulos profesionais.
- A normalización lingüística no ámbito educativo debe xogar tamén un papel central na universidade, tanto no fomento do seu uso entre o estudantado como por parte do profesorado, convertendo a nosa lingua en vehicular nas aulas universitarias, prestixiando o uso e valor do noso idioma. Neste sentido, son necesarias políticas de promoción do uso do galego por parte das universidades, con recoñecemento profesional ao profesorado, e con ampliación de titulacións ofertadas en galego.
- O recoñecemento do traballo do profesorado, mediante a elaboración, previa negociación coas organizacións sindicais na Mesa Sectorial, dun Estatuto Galego da Función Pública Docente, na que a CIG-Ensino incluírá todas as demandas que conforman a nosa liña de acción sindical no ámbito do ensino público non universitario.

4. A acción sindical

A CIG-Ensino está a gañar ano tras ano referencialidade, afiliación e maior número de delegadas e delegados no conxunto dos sectores nos que traballamos sindicalmente. Isto é consecuencia dun maior traballo directo e ás visitas aos centros de traballo no sector público e ás empresas privadas e tamén da coherencia da liña sindical de defensa dos dereitos laborais e non sinatura de convenios ou acordos desfavorecedores para os traballadores e traballadoras. É pois necesario seguir a reforzar a nosa liña de traballo, aberto e asembleario, con asesoramento, información, formación necesaria e o apoio firme en todos os

sectores por igual desde a perspectiva global que como sindicato de clase temos.

A CIG debe continuar ampliando a referencialidade que a colocou xa non só como primeira central sindical en afiliación senón tamén en número de delegados e delegadas de persoal e nese traballo desde a federación do Ensino tamén temos un importante papel que xogar, reforzando a nosa acción sindical en cada sector, mantendo a nosa hexemonía no ensino público non universitario, consolidando o papel na universidade e aumentando a nosa representatividade no sector privado, incrementando afiliación e amosando a utilidade e a forza transformadora da CIG.

Esta debe ser a dinámica que sigamos de cara ao futuro, detectando carencias, corrixindo erros, mellorando prácticas de traballo sindical e aumentando a formación de todos os cadros sindicais.

4.1. O traballo sindical no ensino público

No ámbito do ensino público a nosa actuación seguirá vinculada aos dous grandes eixos que conforman a nosa razón de ser como organización sindical: a defensa do profesorado galego desde unha perspectiva de clase e a dun ensino público galego e en galego. Atendendo a esta realidade temos presente que nos próximos anos ábrese a posibilidade de cambios relevantes derivados do desenvolvemento da LOMLOE e das actuacións políticas que os gobernos español e galego poidan facer ao respecto. O anuncio da elaboración dun novo Estatuto docente no marco estatal foi un tema recorrente dos gobernos do Estado. Agora ábrese de novo esa posibilidade co compromiso expreso de que no ano posterior á entrada en vigor da nova lei se presente unha proposta neste sentido.

A CIG-Ensino defenderá que calquera normativa que se pretenda implantar no marco estatal teña un carácter de mínimos e só sobre aspectos vinculados a cuestións básicas relacionadas co carácter estatal dos corpos docentes, evitando que se impida que o profesorado galego poida contar cun Estatuto docente de seu, non condicionado por propostas centralizadoras. Un Estatuto galego que dea resposta satisfactoria ás demandas do profesorado, que

avance nos dereitos laborais e sindicais e que remate coa inestabilidade laboral, a xerarquización e a precariedade, fixando as bases dunha negociación colectiva real, mellorando a representatividade ao levala directamente aos colexios e institutos, con eleccións sindicais por centro de traballo nas mesmas condicións que no ámbito laboral ordinario. Neste sentido, propostas nesa dirección feitas con anterioridade polo sindicato, como a ampliación das xuntas de persoal superando a limitación provincial, manteñen a súa plena vixencia.

A demanda histórica do sindicalismo nacionalista dun corpo único docente recupera novamente a súa actualidade logo do cambio introducido na LOMLOE ao respecto da extinción do corpo de PTFP e a conseguinte integración no corpo de PES. Esta decisión, tal e como aparece redactada, provoca unha discriminación cunha parte do profesorado técnico que terá un papel destacado na nosa acción sindical nesta primeira fase de desenvolvemento da LOMLOE. O obxectivo fixado polo sindicato de non deixar ninguén atrás e posibilitar a integración de todo o persoal docente afectado, fixo ou interino, no corpo de PES, reforza a nosa posición sobre a necesidade de abordar a creación dun único corpo de ensinantes.

Calquera medida que se formule no ámbito sindical debe partir do principio de non discriminación e de estabilidade no emprego. Unha estabilidade que non pode reducirse a un concepto global e retórico senón que debe formularse desde a realidade que afecta directamente ao profesorado. O bloqueo político-sindical tanto a nivel estatal como a nivel galego para poder articular medidas, tanto no ingreso á función pública docente como na estabilidade nas listas de interinidade, dificulta e mesmo impide dar unha alternativa satisfactoria aos altos índices de temporalidade e facilita que a fraude na contratación temporal teña unha xusta resposta para o colectivo afectado. O feito de que a estabilidade laboral siga en risco con procesos mal chamados de estabilización que non dan resposta ao problema creado, que calquera oferta de emprego implique a posibilidade de despedimentos de profesorado interino cunha longa traxectoria laboral ou que aumenten os contratos a tempo parcial, son claros índices de que o sindicato debe manter e mesmo reforzar a súa posición ao respecto do persoal interino.

Outra vertente da estabilidade, non directamente relacionada coa modalidade de contratación senón coas condicións nas que se traballa nos centros, é a que garante a continuidade nos claustros para favorecer a consolidación de equipas de traballo. Neste sentido, o sindicato debe manter a liña de traballo que tantos logros deu nestes últimos anos coa redución da provisionalidade logo de que o traballo feito pola CIG-Ensino lograse rescatar case 2.000 prazas que pasaron a ter carácter definitivo no 2019/2020 ou que se incrementasen os postos relacionados coa atención á diversidade nos centros de infantil e primaria. Queda mellorar eses resultados, reducindo aínda máis a provisionalidade e o carácter itinerante de moitos postos dos especialistas de apoio. Non se pode deixar de lado que o sistema educativo funciona grazas ao compromiso e entrega do profesorado, que exerce o seu traballo en aulas masificadas e moitas veces con alumnado con necesidades que non teñen en conta ao configurar grupos e ratios.

O empeoramento de determinadas condicións de traballo (impartición de afíns, compartición de centros, ratios elevadas, agrupamentos de diferentes niveis...) foi unha constante durante a anterior crise económica que a situación da pandemia non fixo máis que agravar, cun incremento notábel da carga de traballo derivado da teledocencia parcial ou total. As carencias na coordinación didáctica, motivadas por un exceso de función docente e por unha redución do tempo para preparar aulas, foi patente durante o tempo da pandemia. A ausencia dun marco regulatorio do teletraballo no ámbito educativo mais a negativa a fixalo por parte da Consellaría, é tamén un dos elementos que caracterizan o momento presente e que teremos que abordar no inmediato.

É necesario un cambio na Consellaría que recoñeza o traballo do profesorado e que o poña como pilar básico do sistema educativo, democratizando os centros educativos e liberándoo de tarefas administrativas e burocráticas que non lle son propias.

Dentro desta importancia que lle hai que dar ao profesorado está a ampliación da súa formación, recuperando as licenzas de estudos e a matrícula gratuita na universidade para completar a necesaria formación continua. Precisamos un plan de

formación gratuíto e dentro do horario lectivo. Un plan de formación que promova programas de igualdade, de prevención de conflitos, de integración e de intercambio de experiencias así como o aproveitamento de materiais e recursos.

No deseño da nosa acción sindical ten que seguir ocupando un papel fundamental a galeguización do ensino, coa normalización plena do uso do noso idioma en todas as etapas educativas e en todas as materias e na recuperación dun profesorado implicando nesta ardua tarefa. A situación non é propicia: á españolaización que arrastran os libros de textos e os programas educativos sumouse a realidade derivada da pandemia que fixo máis visíbel a escaseza de material nas redes na nosa lingua, provocando de novo que fose o voluntarismo e profesionalidade de moitas e de moitos docentes os que suplisen a desidia e abandono programado da administración. A acción sindical e formativa da CIG-Ensino debe incidir en incrementar un profesorado que asuma como propia a loita contra a desconsideración e os prexuízos que nos foron inculcando, un profesorado que defenda a nosa condición de galegas e galegos, un profesorado que transmita o valor de pertenza a unha nación cunha cultura e lingua propias.

O compromiso por unhas condicións dignas de traballo tamén inclúe a defensa dunha retribucións xustas. Desde o 2010, momento en que o goberno PSOE decidiu cumprir fielmente os ditados da Unión Europea e meteu unha tallada dunha media do 5% dos salarios dos e das empregadas públicas do Estado, até a actualidade, o profesorado galego leva perdido un 9,25% de poder adquisitivo e a maiores continuamos coas pagas extras recortadas. Manteremos o dereito a recuperar o que nos foi roubado, tanto desde Madrid como desde San Caetano, cunha Xunta do PP como campioa dos recortes salariais nas extras, cun profesorado interino que continúa sen cobrar o verán aínda que traballe máis de 5 meses e medio e co resultado dun acordo salarial da vergoña que nos deixou quedar exactamente como estabamos de cara á equiparación co resto do profesorado do Estado, cando superar esa situación foi a escusa que se buscou para evitar acadar un mellor acordo non só no retributivo senón tamén nas condicións de traballo.

Dentro das melloras nas condicións laborais deben ter cabida e especial relevancia as relacionadas coa conciliación da vida familiar e laboral. A situación actual de pandemia deixou en evidencia as nefastas políticas estatais e autonómicas no que se refire ao dereito das persoas a ser coidadas, chegando a utilizar os centros educativos ou o teletraballo como "fuxida" á responsabilidade de legislar os deberes inescusábeis relacionados coa conciliación familiar.

Tendo en conta o anterior, a acción sindical no ensino público nestes próximos anos terá presente os seguintes temas:

- Garantía de dotación orzamentaria suficiente, co obxecto de dedicar o 7% do PIB galego á educación galega para facer real e efectivo o dereito universal e gratuíto a unha educación pública e de calidade.
- A garantía de negociación, no ámbito da Mesa Sectorial Docente non Universitaria, de todas as cuestións relacionadas coa profesión e coas condicións de traballo do persoal docente. Con ese obxecto, promoverase un acordo-convenio para todo o profesorado galego.
- Mellora dos cadros de persoal dos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou primaria e o horario do profesorado destes niveis, así como a negociación de cadros de persoal mínimos en todos os centros de secundaria, formación profesional, idiomas e réxime especial.
- Redución das ratios a 15 crianzas por aula en infantil e primaria e 20 en secundaria e bacharelato. Nestas ratios contaría o alumnado repetidor e serían diminuídas cando houberse alumnado necesidade específica de apoio educativo.
- A recuperación dos salarios do profesorado. A garantía da cláusula de revisión salarial que asegure, como mínimo, a suba anual dos salarios do profesorado igual ao IPC.
- A cobertura de todas as baixas laborais desde o primeiro día que se producen.
- O establecemento dunha xornada laboral de 35 horas para todo o profesorado, das cales 30

horas serán de dedicación ao centro e 18 períodos lectivos de 50 minutos, como máximo.

- Recuperación da xornada matinal reducida de catro horas durante os meses de xuño e setembro nos centros que imparten ensinanzas de infantil e/ou de primaria.
- A Xunta de Galiza instará o Goberno estatal a facilitar a xubilación anticipada do profesorado, con independencia do seu réxime de cotización, que teña 35 anos de servizo ou 60 anos de idade cun mínimo de 25 anos de servizo, coa finalidade de facilitar a incorporación de novo persoal ao ensino, crear emprego e recoñecer o traballo docente.
- A redución do horario lectivo para o profesorado maior de 55 anos sen diminución das súas retribucións.
- Redución do horario lectivo e posibilidade de realizar actividades non docentes para o profesorado que, por motivos de saúde, vexa minguada a súa capacidade para a docencia ou sexa precisa a adaptación do posto de traballo.
- Recoñecemento das enfermidades profesionais do profesorado, que inclúa a elaboración dun cadro de enfermidades laborais, e aplicación no ensino dos dereitos contemplados na Lei de Prevención de Riscos Laborais como a avaliación dos riscos laborais inherentes á profesión docente.
- Dotación nos centros educativos de todo o material de protección da saúde necesario, nomeadamente, dada a situación na que nos atopamos á hora de redactar estes documentos, de EPIs adecuadas para a prevención dos contaxios da COVID-19.
- Regulación, previa negociación, das condicións laborais, pedagóxicas, técnicas e materiais para a teledocencia, tanto no réxime ordinario (FP ou Bacharelato a distancia) como en situacións extraordinarias.
- A Consellaría de Educación facilitará e garantirá o dereito á formación continua a todo o profesorado. Con esta fin, previa negociación coas organizacións sindicais, elaborará plans anuais de formación descentralizados que establezan o dereito de formarse dentro do horario lectivo e laboral, que sexa gratuíta e que abranga todas as áreas do currículo e procurará a renovación e innovación educativa e unha mellor formación didáctica e pedagóxica. A formación do profesorado será nucleada polos propios centros educativos e promoverá a normalización e galeguización do ensino .
- Creación de emprego, con convocatorias de ofertas amplas no ensino para dar resposta ás necesidades dos centros, facilitar a atención á diversidade e rematar coa precariedade e temporalidade do profesorado. A supresión da taxa de reposición de efectivos. A administración educativa ofertará, como mínimo, todas as vacantes existentes e creará as necesarias para unha atención educativa personalizada e de calidade.
- Incremento do número de prazas do Mestrado de Profesorado ofertadas nas universidades públicas galegas, adaptando a oferta á previsión das necesidades de oposicións a medio prazo e cunha formación acorde coas necesidades do sistema educativo galego. É necesario, neste sentido, fortalecer as relacións do ensino obrigatorio co universitario, especialmente na formación inicial do futuro profesorado.
- No camiño cara lograr o obxectivo histórico da CIG-Ensino de ter eleccións sindicais por centro, ampliar a 7 as xuntas de persoal docente da Consellaría de Educación, coa creación de Xuntas de Persoal en Ferrol, Santiago e Vigo a maiores das actuais cabeceiras provinciais.
- Dereito do profesorado a facer uso do servizo de comedor escolar, o cal estará atendido por persoal específico non docente, dependente da administración e coa cualificación correspondente.
- Dotación nos centros educativos de persoal administrativo, persoal educador social e persoal coidador, así como outros perfís profesionais onde sexa necesario. Nomeadamente persoal que atenda ao alumnado desde a chegada do transporte escolar até o comezo da actividade docente e desde que esta remate até a saída do transporte escolar.

- Recoñecemento da figura de persoa responsábel do centro naqueles sen dirección que deberá ter liberación horaria para as tarefas burocráticas, puntuación a efectos de traslados e incremento salarial equiparado a figura de dirección.
- O profesorado non impartirá materias das cales non sexa especialista, sen que isto supoña diminución nas súas retribucións.
- Potenciación da función titorial con medidas precisas como a redución horaria ou a formación específica.

4.2. O traballo sindical no ensino universitario

As características propias do sector universitario limitan enormemente unha actuación conxunta do sindicato, a través das súas seccións sindicais, en espazos que afecten ao conxunto das tres universidades públicas. Fóra das negociacións que deron lugar ás sinaturas dos dous convenios colectivos do PDI Laboral, a Mesa Galega de Universidades non se volveu reunir, malia os reiterados requirimentos da CIG. A actuación sindical está, polo tanto, condicionada por unha realidade na que as negociacións teñen lugar no seo de cada Universidade, na que a coordinación da nosa representación sindical está garantida polo traballo que en cada ámbito se está a facer. Porén, a inexistencia na práctica deses ámbitos globais de negociación no ámbito do Sistema Universitario Galego dificulta que, tanto internamente como sindicato como na nosa relación co conxunto do profesorado galego ao que nos diriximos, se articulen propostas conxuntas e unha visión e actuación máis xeral. A propia dinámica practicamente estanca dos ámbitos de negociación (Mesa do Ministerio, Mesas Sindicais de cada Universidade) non axuda neste cometido. Con todo, a comunicación tornouse nun aspecto central para dar a coñecer as nosas actuacións. Melloralas e fortalecelas, partindo da posta en común e da coordinación entre todas e todos os cadros sindicais, foi e debe ser un dos nosos principais cometidos.

A nosa acción sindical nos próximos anos debe centrarse na enorme precariedade existente no mundo universitario, mellorando as nosas relacións con colectivos moi activos e amosando a utilidade

do sindicato. Así como nos últimos anos reforzamos a vía xudicial, como única alternativa para conseguir o recoñecemento de dereitos que pola negociación se nos pecha a todos os niveis (estatal, galego e de cada universidade), se non se produce un cambio nesta dinámica teremos que reforzala e afinala. Recentes sentenzas gañadas polo sindicato abriron expectativas para que o persoal docente e investigador cunha relación temporal poidan ver garantidos os seus dereitos. Mais a complexidade da propia universidade, as carencias desde a perspectiva dos ámbitos de negociación, fan que a tarefa de vencer unha discriminación salarial e de condicións de traballo de enormes dimensións sexa moi dificultosa.

O camiño trazado debe continuar e mellorar e debemos ser quen de trasladar as nosas iniciativas ao conxunto do PDI galego, especialmente nun momento no que se abren varias fronteiras moi relevantes. Por un lado, a previsión de que se aprobe unha modificación da LOU na que os principais problemas do persoal docente das universidades están ausentes: a precariedade, o envellecemento do cadro de persoal e a hiper-burocratización non se abordan nos textos nin se aportan medidas que poidan solucionarlos. Deberemos afrontar os problemas que xa estamos a denunciar na negociación: unha regulamentación da dobre vía laboral e funcional até as máximas consecuencias, unha carreira truncada pola desaparición das categorías de profesorado das fases iniciais da carreira académica, sen que exista unha alternativa de carreira horizontal, con novas condicionantes que inciden na precariedade e sen garantías dun reparto equilibrado da carga docente.

Ao tempo, a creación prevista da universidade privada de Abanca e respaldada pola Xunta e o PP pode ter tamén incidencia no futuro da oferta da rede pública e, por tanto, nos postos de traballo do PDI. A situación pode agravarse se, como é de agardar, engadimos o continuísmo da Xunta á hora de limitar a oferta nos campus galegos. O noso traballo deberá, por tanto, centrarse en combater as posíbeis agresións que poida sufrir a universidade pública galega, ben sexa por cambios legislativos, pola ausencia de interlocución coa Xunta e coas tres Universidades no seu conxunto, polos efectos da privatización ou pola precariedade e discriminación dentro do PDI.

4.3. O traballo sindical no ensino privado

A CIG-Ensino tamén é unha ferramenta necesaria, e con maior referencialidade cada día, na defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras nos sectores do ensino privado. Debemos enfocar o noso traballo sindical de cara aos convenios do ensino privado en combater, en todos os marcos posibles de negociación -primando o galego-, as consecuencias negativas e precarias que sofren os traballadores e traballadoras provocadas polas últimas reformas laborais, polas limitacións dunha negociación colectiva de ámbito estatal, moi afastada das súas problemáticas e pola actitude cómplice das organizacións sindicais estatais, que veñen asinando acordos que supoñen continuos retrocesos nas súas condicións laborais e salariais. Condicións moito máis pronunciadas agora, tanto pola crise económica da que viñamos, como da sanitaria e social que estamos a padecer e que vai afondar noutra crise económica de máis calado, que de novo apuntará á clase traballadora e ás maiorías sociais.

A referencialidade e visibilidade no sector debe continuar ampliándose visitando novas empresas e medrando no número de persoas delegadas electas e afiliación, facendo o correspondente traballo para mantelas activas nos seus centros, a pesar das dificultades que as patronais nos van poñer a favor doutras organizacións sindicais. Debemos tamén asesoralas e darlles a formación sindical suficiente para que poidan defender o persoal con criterios xustos e coherentes coas nosas teses e para que adopten un maior compromiso e implicación activa coas campañas que desenvolvemos, tanto desde a propia federación como da confederación.

A CIG-Ensino baseará a súa acción sindical no ensino privado nos seguintes eixos centrais:

- Convenio único galego para todo o ensino privado ou, cando menos, para aqueles sectores nos que o financiamento depende das administracións galegas.
- Mantemento do traballo realizado nos últimos anos no que respecta á acción sindical no sector, reforzando a nosa presenza e visita aos centros, a través de repartos informativos e asembleas,

así como mellorando e facendo máis eficaz a comunicación cos nosos delegados e delegadas así como coa afiliación e os centros laborais.

- Esixir o estrito cumprimento da lexislación actual en materia laboral: medidas contra a violencia de xénero, Lei de igualdade, Lei de prevención de riscos e saúde laboral e o respecto pola liberdade sindical.
- Basear a acción sindical na información puntual e na participación activa e directa dos colectivos afectados diante de conflitos concretos ou da mesma negociación colectiva, de xeito que se impliquen na mesma a través das súas propostas, e promover as mobilizacións oportunas cando as situacións nolo demanden, non esquecendo o reforzo da participación nas redes sociais, cada vez máis precisas.

Centros de Ensino Concertado

Aínda que temos dificultades para desenvolver o noso traballo sindical no ensino concertado, polos impedimentos e trabas por parte das patronais e direccións, dada a nosa clara postura na defensa dunha única rede pública e as críticas aos concertos, así como á nosa defensa inequívoca dos dereitos laborais e salariais do persoal traballador, debemos manter a nosa liña de traballo, que cada vez comparten máis traballadores e traballadoras. A finalidade ou obxectivo da nosa acción sindical no sector continúa ser a súa Integración nunha única rede pública, como a vía para acadar a homologación real de dereitos laborais e salariais, polos que tamén estamos a traballar na negociación colectiva a través do seu convenio colectivo estatal de aplicación. Mentres non academos ese obxectivo seguiremos exixindo que non se empreguen os fondos públicos que reciben das diferentes administracións para despedir e vulnerar dereitos ao persoal traballador, como está a acontecer, e baseando a nosa acción sindical na negociación inmediata dun novo acordo de mantemento de emprego (o AME), na resolución de todos os problemas e conflitos actuais estabelecidos arredor dos salarios e outras condicións laborais (a paga extra de antigüidade, a PEA, recuperación do IPC perdido e dos recortes salariais, o cobro de complementos por cargos e funcionais,...), nun maior control, cos mecanismos adecuados, sobre

o diñeiro público e as xestións dos centros e as súas condicións (camiñando cara a extensión do pago delegado ao persoal non docente, o PAS), na aplicación dos regulamentos orgánicos da pública e a democratización do funcionamento dos órganos pedagóxicos e de participación dos centros, así como a consecución dun convenio específico galego como única maneira de defender o marco galego de negociación e de acadar un convenio digno para o persoal traballador que recoñeza a nosa pluralidade nacional, así como as competencias no sector.

Centros de atención á diversidade

Unha das consecuencias das políticas neoliberais é a continuada privatización dos servizos públicos que se está a desenvolver nos últimos anos de xeito programado e consciente. Vemos día a día como moitos servizos con marcado carácter social pasan a mans de empresas privadas ou, no mellor dos casos, a entidades sen ánimo de lucro e subvencionadas, pero que, ao final, acaban aplicando criterios puramente empresariais para a prestación deses servizos, máis centrados na rendibilidade que na necesidade dunha correcta prestación, esencial dentro dos servizos básicos públicos dun país. Os centros de atención ás persoas con discapacidade, os centros de protección e reforma de menores e incluso as escolas infantís son algúns exemplos desta lamentable situación. Por todo isto son necesarias campañas públicas de denuncia e mobilización ante as políticas de privatización que continúa a aplicar o Partido Popular nos seus gobernos.

Dende a CIG-EnsinO, como maioritarios na Galiza deste sector de Servizos de Atención á Diversidade, seguiremos defendendo os dereitos do persoal traballador que representamos no marco estatal de negociación como sempre fixemos, pero a nosa prioridade será seguir intentando forzar un Marco Galego de Negociación coa fin de acadar obxectivos como o de abrir a negociación dun Convenio Galego no sector, que recolla condicións salariais e laborais dignas, exixindo ademais á administración galega que asuma na súa totalidade os servizos destes tipo de centros baixo a súa xestión, como centros públicos a todos os efectos, e o mantemento dos postos de traballo do persoal actual. O obxectivo final segue a ser a creación dun Sistema Público Galego de Servizos de Atención ás Persoas.

Educación Infantil e outros centros privados

Tamén o resto de convenios estatais que contempla este sector da privada, especialmente o de Educación Infantil 0-3 polo importante número de empresas e traballadoras afectadas mais tamén os Centros de Menores, o Ensino non regulado, as Escolas de Música, as academias de Perrucaría e Artes Escénicas, ou as Autoescolas,...) se caracterizan polas malas condicións de traballo, a inestabilidade laboral e a grande presión dunhas patronais que con moita frecuencia non respectan sequera as xa de por si paupérrimas condicións laborais dos respectivos convenios, sempre permitidos, coa sinatura cómplice, dos sindicatos estatais. Estes son convenios condicionados polo seu ámbito estatal, agás algúns de empresa, que limitan a nosa capacidade de influencia, afastándonos do marco propio nun escenario alleo á nosa realidade e quedando por tanto nunha posición minoritaria, mesmo en sectores nos que somos maioritarios no noso país. A isto hai que engadirlle as regresivas reformas laborais dos últimos anos e a entrega doutras organizacións sindicais estatais no mal chamado «Diálogo Social». Por todo isto debemos seguir sumando esforzos e gañando espazos na representatividade sindical e social dentro de cada un dos sectores, para intentarmos trasladar o ámbito de negociación ao noso país, polo menos naqueles sectores en que, polas súas características e por sermos maioritarios, poida ser máis factíbel. Tamén pelexaremos por manter os convenios de empresa que temos que melloran os estatais, así como propiciar a negociación doutros cando se dean as condicións para facelo, con forza e decisión.

5. O reforzo do modelo sindical da CIG-EnsinO

5.1. A organización do traballo sindical

A CIG-EnsinO debe manter como base fundamental da súa organización o asemblearismo, como cerne de todo o que somos, primando a presenza e a cercanía ao profesorado con asembleas nos centros de traballo día a día: informando, recollendo achegas, debatendo e fortalecendo un modelo consolidado e que nos define e diferencia. En paralelo a esta acción sindical nos centros de ensino

temos que seguir sumando asembleas específicas nos locais da CIG para tomar as decisións acaídas.

De igual forma é fundamental ter persoas que sirvan de enlace entre o centro de traballo e o sindicato. Un enlace bidireccional, que transmita todo o que está facendo a organización, pero sobre todo, e isto é o máis importante, que traslade á estrutura sindical as inxerencias e demandas do persoal que está nos centros realizando o traballo docente día a día e que nos permite coñecer os conflitos, visibilizalos e tentar dar a solución máis acaída en cada momento, centro e situación.

Manter e ampliar esa rede de colaboración é unha aposta estratéxica do sindicato para salvar as limitacións que impón a lexislación en materia de eleccións sindicais, provinciais e non por centro de traballo e a mellor garantía da nosa presenza nos centros como marca da CIG-Ensino con prioridade de cara a unha renovación masiva dos claustros que xa comeza a ser unha clara realidade e que será aínda maior nun futuro próximo coa entrada de novas xeracións de compañeiros e compañeiras e a xubilación da maioría do profesorado que era referente tanto no ámbito pedagóxico como reivindicativo. Como sindicato levamos tempo prestando atención a esta nova realidade pois os centros son corpos vivos que se van transformando en base ás experiencias e vivencias do novo profesorado; un profesorado que actúa nunhas claves novas, claves que ademais poden vir condicionadas nos vindeiros anos polas consecuencias aínda descoñecidas da situación de pandemia, tanto no ámbito reivindicativo como das relacións laborais e sociais. Precisamos seguir monitorizando a situación e actuando para que a referencialidade que supón a CIG-Ensino nos centros non fiquen só en algo pasivo. O noso principio de exercer un sindicalismo práctico e activo pero sobre todo de vocación transformadora precisa dunha constante análise das mudanzas que se dan no corpo docente, buscando unha integración activa de novas incorporacións de profesorado que dean continuidade ao proxecto sindical.

5.2. Acollida ás novas xeracións de docentes

Nesta liña de especial atención á muda xeracional que se está a producir no cadro docente debemos

continuar cos esforzos dirixidos a traballar co estudantado dos graos e mestrados das Facultades de CC. das Educación, futuras compañeiras e compañeiros que, xunto co profesorado recentemente incorporado ás aulas, van ser parte central no futuro do sistema educativo mais tamén da representación do profesorado e, por tanto, do sindicalismo combativo e participativo que representa a CIG-Ensino.

Acoller ás novas xeracións docentes, asegurar o pleno coñecemento do modelo sindical da CIG-Ensino, romper con dinámicas promovidas desde o poder político e económico que priman a desconexión co sindicalismo e a reivindicación social, implica contactar co futuro profesorado xa desde o momento no que se están a formar: proporcionando información, reforzando a toma de conciencia da necesidade do respaldo sindical como traballadoras e traballadores do ensino, trasladando a utilidade e necesidade do sindicalismo que encarna a CIG-Ensino e do profesorado comprometido co seu labor e coa súa condición de clase traballadora, nun contexto histórico como o actual de desprestixio por parte da Administración da función docente, lonxe de ser valorada como se merece, e de fomento do individualismo.

Este acompañamento debe continuar na fase de incorporación á docencia tanto do novo persoal interino e substituto como do funcionariado en prácticas, como xa vimos facendo desde hai anos, conscientes do noso papel para a transformación da pasividade imposta pola sociedade actual, da acomodación facilitada pola administración, na confrontación como mecanismo para avanzar e na revalorización do traballo dos e das docentes como tarefa do sindicalismo actual coas xeracións do futuro.

5.3. Mobilización e xestión

O reforzo do modelo sindical da CIG-Ensino ten que partir da mobilización do profesorado, nomeadamente da nosa afiliación. Conseguiamos que as traballadoras e traballadores vexan no sindicato unha ferramenta útil de transformación da sociedade galega e do ensino e non só unha solución de xestión de situacións concretas.

Con todo, a xestión, o dar resposta acaída a dúbidas ou problemas individuais e colectivos é fundamental mantela e melloralá, xa que non deixa de ser outro dos piares do noso traballo sindical e das nosas fortalezas. Todo traballo organizativo para reforzar o papel do sindicato debe manter a necesidade da boa xestión, precedida dunha permanente formación dos cadros sindicais, mais sempre como unha ferramenta de apoio ao traballo de transformación social que é o obxectivo fundamental do sindicato e que ten na mobilización e concienciación a mellor arma de actuación.

5.4. A formación sindical e do profesorado

Desde o noso modelo sindical temos moi presente a formación do profesorado. Somos conscientes de que é un pilar para a mellora do sistema educativo o feito de que o profesorado estea actualizado en canto a novas metodoloxías didácticas e tamén no que se refire ao dominio das ferramentas telemáticas. Aspecto este que se impón na actualidade debido a situación sanitaria que vivimos.

Con todo, debemos ter presente que o enfoque da formación do profesorado ofrecémolo como alternativa ao da Administración. Ao contrario desta, dedicámoslle especial atención a temas centrados na nosa realidade histórica, lingüística e cultural. Só un profesorado que coñece e respecta o medio galego no que traballa será quen de espertar no alumnado sentimentos parellos cara o seu País.

Atendemos asemade contidos transversais como o respecto ao medio ambiente, a identidade sexual ou o tratamento da situación das mulleres de maneira que poida incidir nunha educación non sexista do alumnado. Un profesorado formado e sensibilizado será un axente máis do cambio que precisa a nosa sociedade en relación a estes aspectos. Apostamos pois por un modelo sindical no que se oferta anualmente ao profesorado unha variada e extensa proposta formativa tanto desde a cercanía das actividades presenciais realizadas nas distintas comarcas, como desde a formación a distancia que se presenta como modalidade máis accesíbel e como solución ás actuais restricións vividas pola pandemia. Coa intención de ofrecer este servizo que consideramos fundamental para o profesorado

melloramos e ampliamos progresivamente a nosa programación anual.

5.5. A lingua, o noso sinal de identidade

Como sindicato de clase que defende a identidade nacional de Galiza a lingua é un elemento fundamental da nosa acción sindical non entendendo o ensino galego sen ter a nosa lingua como pilar fundamental. Reclamamos e loitamos por un ensino integramente en galego.

Trasladamos esta posición teórica á práctica promovendo e participando en plataformas e actividades de promoción, recuperación e reivindicación do uso da nosa lingua, tanto no ensino como na sociedade. Entendemos que no camiño na defensa da plena normalización do ensino non debemos desaproveitar ningunha colaboración e que ampliar o traballo sindical a prol da normalización implica buscar encontros e acordos plurais como os que deron lugar ás Bases para a normalización do ensino galego en 2020 e que servirán de guía nos seguintes pasos a dar.

5.6. Un sindicalismo con perspectiva de xénero

O reforzo do modelo sindical pasa pola reivindicación dun modelo feminista de clase. Nunha federación onde o número de traballadoras é bastante superior ao de traballadores, feito que se reflicte tamén na afiliación, debemos seguir na liña de que as mulleres ocupemos cada vez máis protagonismo na organización do sindicato e teñamos unha participación activa no mesmo.

Como CIG-Ensino estamos presentes en todos os debates e asembleas de mulleres e nas diferentes campañas encamiñadas a visibilizar as consecuencias de vivirmos nunha sociedade patriarcal, promovidas dende a Secretaría das Mulleres da Confederación.

O ensino é un pilar básico na construción da sociedade do noso país, e como tal traballamos para a mellora da formación docente, coa celebración das Xornadas das Mulleres como lugar de intercambio de experiencias, e tamén na presentación de materiais didácticos para usar como guía no

tratamento da igualdade de xénero dentro das aulas. Un camiño xa iniciado, e no cal seguiremos, é o emprego dunha linguaxe non sexista en todas as comunicacións, documentos ou materias de divulgación que se elaboren.

Nun gremio tan feminizado coma o noso debemos entender o ensino público como unha ferramenta de loita contra as expresións e modelos estereotipados. Desde a nosa federación asumimos a responsabilidade de transmitir coas nosas accións os valores dunha sociedade galega que loita pola igualdade entre as persoas, a prevención da violencia de xénero, a aceptación da diversidade afectivo-sexual e o rexeitamento ás actitudes machistas. Non esquecemos tamén a gran conquista social que suporía acadar a corresponsabilidade no ámbito familiar como garantía na igualdade de oportunidades no mundo laboral derivadas dunha verdadeira liberdade de escolla.

É necesario seguirmos sumando esforzos entre os homes e mulleres que formamos parte da CIG-Ensino para avanzarmos no camiño da representatividade de todas nós en consonancia coa porcentaxe de afiliación feminina.

5.7. A comunicación e as redes sociais

A CIG-Ensino, no seu ánimo de traballar a prol do ensino do noso país e coa intención de trasladar as nosas posturas nos temas que consideramos de importancia, tanto no ámbito educativo como no sindical ou o político, ten que utilizar todas as canles de comunicación posíbeis. Neste senso debemos ser punta de lanza nas redes sociais e niso traballamos.

Vivimos nuns tempos nos que na comunicación prima o uso de mensaxes inmediatas e curtas, con titulares rechamantes sen espazo para a reflexión sosegada. O sindicato non pode ser alleo a esta realidade mais non se debe ver limitado por ela. A adaptación da nosa comunicación non debe vir da man dunha redución da análise necesaria nin dos aspectos programáticos a desenvolver e difundir, mais si debe ter en conta os formatos e as estratexias comunicativas para facer chegar as nosas mensaxes. Esa adaptación debe superar as eivas das redes sociais, cunha comunicación que deixe ver o importante do traballo sindical de centro, de

rúa, de mobilización; que traslade a nosa opinión, que faga fincapé na importancia de visibilizar os conflitos onde se evidencian e toman corpo, fóra das redes sociais. Unhas redes que teñen que ser un medio, non un fin en si mesmas, evitando que todo o activismo do profesorado e da sociedade no seu conxunto descanse nelas. Na nosa comunicación deberemos reforzar, por tanto, a combinación da comunicación áxil e directa, co uso de todas as ferramentas e canles de comunicación existentes e nas que o profesorado se poida expresar e buscar información, coa difusión e promoción máis detallada dos nosos principios ideolóxicos e das nosas propostas concretas, buscando sempre a reflexión e a interacción con todas as traballadoras e traballadores a quen nos diriximos.

RESOLUCIÓN

RESOLUCIÓN a prol da nosa lingua

O VIII Congreso da CIG-Ensino reafirma o seu compromiso coa Proposta de Bases para a normalización do ensino en Galiza promovida polo propio sindicato xunto coa Mesa pola Normalización Lingüística, movementos de renovación pedagóxica e outros sindicatos docentes, co obxectivo de superar a situación dramática que vive a nosa lingua desde a chegada de Feixóo á Xunta, relegando o noso idioma das aulas, prohibindo o seu uso en materias científicas e tecnolóxicas e reducíndoo a unha presenza residual en Infantil nas cidades. O abandono da nosa lingua tras doce anos de goberno Feixóo xoga un papel central no feito de que tres de cada catro mozos e mozas rematen a escolarización obrigatoria sen sabe falar o noso idioma. Todos os informes e estudos, desde organismos dependentes da Xunta aos realizados pola Mesa e pola Real Academia Galega inciden nun retrato de perda de galego falantes nas idades máis mozas, de ruptura na transmisión interxeracional e de proceso de substitución do galego polo castelán entre o noso alumnado. Por todo isto, a CIG-Ensino anima a todo o profesorado galego, e en particular a toda a nosa afiliación, a contribuír coa nosa práctica diaria a ser axentes da promoción e dignificación do noso idioma e a loitar para que os centros educativos sexan un espazo libre de hostilidades contra o galego e puntos de referencia para o necesario proceso de normalización lingüística da sociedade galega.

RESOLUCIÓN contra o abuso da temporalidade no ensino público

O VIII Congreso da CIG-Ensino amosa o seu compromiso na defensa dos dereitos do profesorado interino, afectado polos recortes de persoal na última década, chegando mesmo a triplicar o baixo índice de temporalidade co que se atopou Feixóo cando chegou á presidencia da Xunta no 2009. A CIG-Ensino demanda a eliminación das taxas

de reposición impostas polos gobernos de PP e PSOE e asume o criterio expresado con claridade pola Confederación de que é preciso buscar unha solución ao abuso da temporalidade que parta da plena capacidade para negociar en cada ámbito territorial e nos diferentes sectores nos que se organiza a administración pública, aplicando un réxime sancionador estrito aos cargos públicos que permitan a fraude, con medidas reparadoras para quen se mantén nunha situación de temporalidade abusiva e así evitar que sexa o persoal temporal quen cargue coas consecuencias das políticas de recortes das diferentes administracións. Neste sentido, e dentro do ámbito do ensino, a CIG defende un sistema simultáneo de ingreso de dobre vía, diferenciando as prazas da taxa de reposición das de consolidación por abuso na temporalidade e seguirá a defender, fronte ao bloqueo dos demais sindicatos, a negociación dunha cláusula de estabilidade no actual sistema de listas de persoal interino.

Pola retirada dos nomes franquistas nos centros educativos galegos

O VIII Congreso da CIG Ensino, ante a situación que segue a producirse coa existencia de centros que aínda conservan o nome de destacadas figuras do Réxime Fascista, esixe á Consellería de Educación que mude estes nomes por unha cuestión de hixiene democrática e ao mesmo tempo para dar cumprimento á Proposición non de lei aprobada polo Parlamento Galego para retirar a simboloxía franquista de todos os edificios públicos e a suprimir todos os nomes que fan referencia a personaxes fascistas nestes mesmos edificios.

Pola igualdade de condicións de acceso á xustiza do persoal empregado público en defensa dos seus dereitos laborais

O VIII Congreso da CIG-Ensino denuncia a discriminación do persoal funcionario á hora de poder defender os seus dereitos laborais, xa que ao ter que acudir aos órganos xurisdiccionais do contencioso-administrativo non goza dos mesmos beneficios e exencións que o persoal laboral das administracións públicas. Isto acontece porque teñen que afrontar a imposición de custas, fronte ao que sucede na xustiza do social, onde o persoal está exento non só destas custas senón tamén de ter que facer depósitos para recorrer. A CIG-Ensino defende o beneficio da xustiza gratuíta para todas as traballadoras e traballadores nos temas relacionados co seu traballo e os seus dereitos laborais e demanda a modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para eliminar a actual discriminación do persoal funcionario fronte ao laboral.

Contra os recortes nos centros educativos durante a pandemia

O VIII Congreso da CIG-Ensino denuncia os recortes feitos polo goberno do Partido Popular de Galiza nos centros educativos do noso país, nomeadamente no rural. Durante o curso anterior demostrouse a capacidade de traballo de todo o persoal dos centros educativos e a importancia de ter unhas ratios adecuadas, datos dos que presumiu a Consellaría, pero unha vez comezado o curso comezou a atacar duramente o ensino público galego aplicando uns recortes en persoal dunha gravidade nunca vista que fixeron imposible para moitos centros comezar o curso con normalidade. A estes recortes súmase a desidia ou incompetencia en canto á dotación dos medios necesarios para combater a pandemia ou a falta dun protocolo adecuado e non un documento para dicir que se fai algo.

Na defensa do horario de 18 e 21 horas lectivas

O VIII Congreso da CIG-Ensino amosa o seu compromiso coa loita pola recuperación do horario lectivo de 18 horas en secundaria e 21 en primaria que xa levou a unha folga xeral no ensino público galego. Ese horario é fundamental para a CIG-Ensino de cara a poder traballar en equipo, coordinarse e atender ás diferentes realidades que cada día se atopan nos centros educativos. É por iso que o sindicato anuncia que esta loita non está esquecida e seguiremos a traballar para recuperar o horario das 18 e 21 horas dentro da loita pola recuperación dos nosos dereitos.

Por un ensino coeducativo e sen discriminación

O VIII Congreso da CIG-Ensino reitera o seu compromiso firme fronte a todas as formas de violencia contra as mulleres e fai un chamamento á Administración Educativa para que poña en vigor medidas e protocolos de actuación nos centros de ensino, de xeito que desde eles se poida contribuír a poñerlles freo.

Tamén esixe á Consellería de Educación que tome medidas efectivas para que todos os centros de ensino estean dotados de persoal, con formación suficiente e coa conseguinte redución horaria, ademais de recursos para o traballo da coeducación e a igualdade.

Así mesmo, manifesta o seu compromiso na defensa dos dereitos e intereses das vítimas de discriminación por orientación e identidade sexual, expresión de xénero ou características sexuais, cumprindo así o seu cometido de procurar a igualdade entre todas as persoas.

Por un estatuto docente e unha lei galega de educación

Tanto na Iniciativa legislativa popular presentada pola CIG-Ensino no ano 2014 como na campaña pola recuperación dos nosos dereitos do 2018 levada ao cabo polo sindicato, esixíamos unha serie de medidas que deberían estar recollidas nunha lei

galega de educación e nun estatuto docente do profesorado galego.

O VIII Congreso da CIG-Ensino reafirma a súa reclamación de elaboración dunha lei galega educativa e dun estatuto da función pública docente galega que garantan a igualdade de oportunidades, a normalización lingüística e a galeguización do ensino; isto é, un sistema educativo público, galego, laico, coeducativo e democrático. De igual forma, esiximos que as negociacións estatais dun estatuto da función pública docente previstas na LOMLOE non invadan as competencias que, como profesorado galego, queremos exercer .

Na defensa dun marco galego de relacións laborais para o ensino privado

O VIII Congreso da CIG-Ensino reafirma a súa aposta por un modelo de negociación colectiva que permita a toma de decisións na Galiza e non en Madrid, dando o protagonismo aos traballadores e traballadoras nas decisións das condicións salariais, laborais e sociais do seu convenio. Un modelo que só pode desenvolverse nun Marco Galego de Relacións Laborais, fronte ao rancio e viciado, submisivo e estéril marco que aporta o ámbito estatal de negociación de cúpulas patronais e sindicais.

Pola supresión dos concertos aos centros que segregan alumnado por razón de xénero

O VIII Congreso da CIG-Ensino demanda que se cumpra a normativa que establece a LOE segundo a nova redacción incorporada pola LOMLOE na súa disposición adicional vixésimo quinta ao respecto de que os centros sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos desenvolverán, en todas as etapas educativas, o principio de coeducación para a igualdade efectiva de homes e mulleres, e non separarán o alumnado polo seu xénero.

Neste sentido, o VIII Congreso da CIG-Ensino exige que se lle sexan retirados os concertos a aqueles centros que a día de hoxe seguen a segregar alumnado por este criterio, toda vez que ditos concertos rematan a súa vixencia no curso 22/23,

dando por fin cumprimento á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, confirmada por outra do Tribunal Supremo, en resposta ao recurso que no día presentou a CIG-Ensino contra os concertos a centros segregadores.

Pola necesidade da mobilización social e a folga xeral

O VIII Congreso da CIG-Ensino considera como unha urxencia democrática a derogación total das reformas laborais e das pensións, aprobando unha nova lexislación laboral que restituía todos os dereitos roubados e favoreza novos dereitos e regulacións que nos fortalezan como clase traballadora ante a nova situación de crise e as novas formas de explotación e precariedade.

A situación actual afecta igualmente ao profesorado do ensino público: as novas incorporacións como funcionariado de carreira estenden a súa vida laboral até os 67 anos na maioría dos casos. As subas retributivas destes anos, pactadas co sindicalismo de concertación, non serviron para recuperar o roubado desde o ano 2010 e os orzamentos de 2022 traerán consigo unha nova perda de poder adquisitivo nun momento no que os prezos se disparan. Ao tempo, a reforma do EBEP, aínda pendente do trámite final, é moi probábel que desatenda o colectivo do persoal interino a quen teoricamente vai dirixida. Tampouco como alleos a unha realidade de emerxencia social e económica que nos rodea por todo o país adiante: desmantelamento industrial, precariedade e temporalidade nos postos de traballo e unha taxa de desemprego e de emigración xuvenil que leva ao país a unha situación á que debemos facer fronte.

Por tanto, desde a CIG-Ensino apoiamos a necesidade de iniciar unha intensa campaña de mobilización social na que procuraremos activar o profesorado de todos os centros, camiñando, se non se dan avances nas nosas reivindicacións, na convocatoria dunha Folga Xeral nas datas que o Consello Confederado da CIG considere máis oportunas.



ELA



FENPROF



LAB





STEPV



CSC



SPN









Executiva Nacional CIG-Ensino 8º Congreso







Confederación Intersindical Galega

ENSINO